

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,  
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN  
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 17.10.2018      Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas orais**

- 1.1        34675 (10/POC-005505)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis  
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para verificar a legalidade das actuacións urbanísticas do Concello de Oza-Cesuras, así como a repercusión no réxime de subvencións autonómicas das que o Concello poida ser beneficiario como entidade resultante dun proceso de fusión municipal  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018*
- 1.2        36171 (10/POC-005763)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da invitación polo Concello da Cañiza á Feira do Xamón celebrada o 15 de agosto de 2018 soamente a representantes dun determinado partido político  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018*
- 1.3        36810 (10/POC-005854)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula  
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para deixar sen efecto os acordos nos que se autorizaba a retrocesión a favor da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos edificios do pavillón xeral e da Escola Universitaria de Enfermaría, situados no recinto do Hospital Xeral de Lugo, así como a súa incidencia para a cidadanía e a execución das infraestruturas anunciadas no barrio da Residencia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 363, do 27.09.2018*
- 1.4        36922 (10/POC-005867)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as medidas que está a estudar ou a levar a cabo a Xunta de Galicia para modernizar e mellorar a eficacia do Sistema galego de emerxencias, así como as previsións ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 363, do 27.09.2018*

**Punto 2.    Proposicións non de lei**

- 2.1           30982 (10/PNC-002493)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Santos Queiruga, Carmen  
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego de plans de formación no respecto aos dereitos humanos dirixidos ao persoal funcionario autonómico, en especial aos que levan a cabo o seu labor con persoas ao límite da exclusión social, así como a realización nos centros educativos de cursos específicos de formación na materia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018*
- 2.2           37090 (10/PNC-002996)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación que están a vivir os emigrantes retornados de Venezuela a consecuencia da demora do Goberno dese país no pagamento das súas pensións  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 362, do 26.09.2018*
- 2.3           37226 (10/PNC-003003)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan plurianual de dinamización do uso da lingua galega na Administración de xustiza para o período 2019-2022  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 362, do 26.09.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018



César Manuel Fernández Gil  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

## **Vogais**

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 17.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 17.10.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1      34675(10/POC-005505)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para verificar a legalidade das actuacións urbanísticas do Concello de Oza-Cesuras, así como a repercusión no réxime de subvencións autonómicas das que o Concello poida ser beneficiario como entidade resultante dun proceso de fusión municipal

*Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/08/2018 12:36**  
**Nº Rexistro: 34675**  
Data envío: 20/08/2018 12:36:23.624



 **Grupo Parlamentario**

## Á Mesa do Parlamento

**Partido dos  
Socialistas  
de Galicia**

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O pasado 24 de maio de 2018 o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) resolveu, de conformidade co disposto no artigo 156 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, declarar que as obras promovidas pola Asociación de Veciños “As Peniñas”, executadas en solo rústico, sen autorización urbanística autonómica, nin plan especial, consistentes nunha construción en curso de execución, no lugar de Chousa do Medio-Vales, parroquia de Borrifáns, no municipio de Oza-Cesuras, non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.

A Axencia ordena a demolición destas obras a costa do Concello de Oza-Cesuras, tras verificar no tracto sucesivo das transmisións do solo afectado que o titular actual do ben é o propio Concello. A demolición debe executarse nun prazo de tres meses, con advertencia de multas coercitivas e poñendo os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das posibles responsabilidades penais.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para verificar a legalidade das actuacións urbanísticas do Concello de Oza-Cesuras?

2ª) En que medida estas actuacións verificadas pola APLU poden afectar ao réxime de subvencións autonómicas das que o Concello de Oza-Cesuras poda ser beneficiario como entidade resultante dun proceso de fusión municipal?

Pazo do Parlamento, 20 de agosto de 2018

**Asinado dixitalmente por:**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/08/2018 12:36**  
**Nº Rexistro: 34675**  
Data envío: 20/08/2018 12:36:23.624



---

 **Grupo Parlamentario**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/08/2018 12:35:18**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/08/2018 12:35:27**

---

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/08/2018 12:35:35**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Luisa Pierres López na data 20/08/2018 12:35:39**

---

**Raúl Fernández Fernández na data 20/08/2018 12:35:43**

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 17.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 36171(10/POC-005763)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da invitación polo Concello da Cañiza á Feira do Xamón celebrada o 15 de agosto de 2018 soamente a representantes dun determinado partido político

*Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/09/2018 12:40  
Nº Rexistro: 36171  
Data envío: 07/09/2018 12:40:05.473



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

En A Cañiza, a Carballeira do Cacharado (antigo Campo da Feira Vella) constitúe o centro da área recreativa na vila, unha masa arbórea de carballos que ocupa uns 6.000 metros cadrados e cercada por un pequeno muro de granito dun metro de alto.

Na carballeira celebran os veciños e veciñas a coñecida “Feira do Xamón” e tamén a celebraron este ano 2018, a número 52. Máis de 12.000 racións que se serviron o día 15 de agosto, superando entón todas as previsións de público. Non hai dúbida de que o propio Partido Popular contribuíu en número a esa afluencia, pois os únicos representantes políticos aquel día 15 de agosto foron o vicepresidente da Xunta, a directora xeral de Turismo, o alcalde de A Cañiza, parlamentarios autonómicos e máis representantes do Goberno galego. Quizais porque os demais representantes dos cidadáns non foron nin sequer invitados

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cal é a opinión do Goberno da Xunta de Galicia de que o día 15 de agosto deste ano soamente fosen invitados por parte do Concello de A Cañiza á “Feira do Xamón” os representantes políticos afíns ao Partido Popular?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2018



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/09/2018 12:40**  
**Nº Rexistro: 36171**  
Data envío: 07/09/2018 12:40:05.473



 [Grupo Parlamentario](#)

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/09/2018 12:38:21**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2018 12:38:38**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/09/2018 12:38:42**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/09/2018 12:38:56**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**

**Día: 17.10.2018                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3      36810(10/POC-005854)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para deixar sen efecto os acordos nos que se autorizaba a retrocesión a favor da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos edificios do pavillón xeral e da Escola Universitaria de Enfermaría, situados no recinto do Hospital Xeral de Lugo, así como a súa incidencia para a cidadanía e a execución das infraestruturas anunciadas no barrio da Residencia

*Publicación da iniciativa, 363, 27.09.2018*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/09/2018 10:13  
Nº Rexistro: 36810  
Data envío: 14/09/2018 10:13:44.147



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>**

A Xunta de Galicia, con o seu presidente á cabeza Alberto Núñez Feijóo e a ministra de emprego Fátima Báñez, asinaron o protocolo de cesión dos terreos nos que estaban enclavados o antigo Hospital Xeral de Lugo, na rúa Severo Ochoa s/n, entre eles dos dous edificios: pavillón xeral e escola universitaria de enfermería.

Este acordo implica que a cesión dos terreos nos que se atopan estes dous edificios pode destinarse a outro uso diferente do sanitario e permite a inversión para levar a cabo outras obras.

Nun acto celebrado ante os medios era o propio portavoz parlamentario Pedro Puy Fraga o que se achegaba a Lugo e adiantaba que o vello hospital xeral de Lugo, no barrio da residencia se construírían unha residencia para persoas maiores e unha comisaría da Policía Nacional, anticipando os proxectos do presidente Feijóo para Lugo no ano 2017, nun acto que hoxe cualificamos á vista dos feitos de lamentable e propagandístico.

No mes de xullo de 2017 o presidente da Xunta de Galicia anunciaba que o goberno licitaría por 21 millóns de euros o proxecto básico e o proxecto de execución construtiva do centro integral de saúde, do centro público de innovación e da oficina de emprego que se situarían nas ruínas do hospital xeral de Calde e acompañado de Fátima Báñez asinaba dito convenio para a cesión dos



terreos do antigo Hospital xeral, no que se habilitarían instalacións enerxéticas, unha residencia para a terceira idade con cabida para 120 persoas usuarias e unha comisaría.

Todo isto semella unha burla á cidadanía de Lugo cando no acordo do consello da Xunta de 31 de maio de 2018 o vicepresidente e conselleiro de presidencia Alfonso Rueda Valenzuela certificaba na súa calidade de secretario, do contido de dito acordo, de deixar sen efecto os acordos de 25 de xaneiro e 8 de marzo de 2018 no que se autorizaba a retrocesión a favor da TXSS dos dous edificios, co visto e prace do presidente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1.- Considera a Xunta aceptable deixar un acordo sen efecto que prexudica a veciñanza de Lugo?
- 2.- Que motivacións ten a Xunta de Galicia para castigar tan duramente á cidadanía de Lugo deixando sen efecto un acordo que paralizará inversións millonarias?
- 3.- Considera a Xunta de Galicia que veciñanza de Lugo é menos que o resto da cidadanía de Galicia? A que se debe esta diferenza de trato segundo a Xunta?
- 4.- Ten algún tipo de influencia na Xunta de Galicia que governe un partido ideoloxicamente contrario ao seu equipo de goberno?
- 5.- Considera a Xunta de Galicia que é axeitado deixar sen inversión de 21 millóns tal e como prometeu o seu presidente en actos públicos á cidade de Lugo e á veciñanza en infraestruturas que nalgúns casos son necesarias e básicas?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/09/2018 10:13**  
**Nº Rexistro: 36810**  
Data envío: 14/09/2018 10:13:44.147

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 14/09/2018 10:10:02**

**Paula Vázquez Verao na data 14/09/2018 10:10:11**



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 17.10.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.4        36922(10/POC-005867)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas que está a estudar ou a levar a cabo a Xunta de Galicia para modernizar e mellorar a eficacia do Sistema galego de emerxencias, así como as previsións ao respecto

*Publicación da iniciativa, 363, 27.09.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/09/2018 13:31**  
**Nº Rexistro: 36922**  
Data envío: 17/09/2018 13:31:09.991

### **Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

Como resposta ás denuncias de diferentes colectivos e ante a evidencia dos fallos estruturais do sistema galego de emerxencias, a Xunta de Galiza anunciou en diferentes ocasións mudanzas no mapa e na xestión das emerxencias no territorio galego.

Entre as cuestión que a xuízo do BNG cómpre estudar e resolver están as seguintes:

- Mellora da cobertura territorial mediante un sistema de isócronas que atenda as zonas de sombra.
- Comarcalización dos parques urbanos.
- Reformulación da función dos GES.
- Definición das función do Voluntariado de Protección Civil.
- Modernización e mellora do CAE 112.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/09/2018 13:31**  
**Nº Rexistro: 36922**  
Data envío: 17/09/2018 13:31:09.991

- Mellorar a coordinación e a cooperación dos servizos que actúan nas emerxencias.

- Desenvolvemento normativo e cumprimento da lei de emerxencias do ano 2007, nomeadamente no tocante á Disposición Adicional 3ª

- Desenvolvemento do PLATERGA no referido a Plans de Información, Protección e Autoprotección da poboación.

O obxectivo final destas mudanzas debe ser a configuración dun verdadeiro sistema integrado de emerxencias de carácter público (con homologación profesional e salarial), coordinado e con mando único operativo, con cobertura eficaz de toda a poboación e todo o territorio, e integral (que integre todas as emerxencias).

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Que medidas está a estudar ou a levar a cabo a Xunta de Galiza para modernización e facer máis eficaz o sistema galego de emerxencias?

2. En que estado están as negociacións para a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades?

3. Que previsións ten o goberno galego a respecto dos GES e do Voluntariado de Protección Civil?

4. Que melloras prevé desenvolver a Xunta de Galiza no CAE 112?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/09/2018 13:31**  
**Nº Rexistro: 36922**  
Data envío: 17/09/2018 13:31:09.991

5. Cando prevé o goberno galego aplicar o previsto na Disposición Adicional 3ª da Lei galega de Emerxencias?

6. Que previsións existen a respecto dos Plans de Información, Protección e Autoprotección?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2018 13:28:04**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2018 13:28:09**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2018 13:28:10**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/09/2018 13:31**  
**Nº Rexistro: 36922**

Data envío: 17/09/2018 13:31:09.991

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/09/2018 13:28:12**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2018 13:28:13**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/09/2018 13:28:15**

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 17.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 17.10.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.1        30982(10/PNC-002493)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego de plans de formación no respecto aos dereitos humanos dirixidos ao persoal funcionario autonómico, en especial aos que levan a cabo o seu labor con persoas ao límite da exclusión social, así como a realización nos centros educativos de cursos específicos de formación na materia

*Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto non artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

### EXPOSICION DE MOTIVOS

Por todos é sabido que a Declaración dos Dereitos Humanos é universal e foi proclamada en París pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, o 10 de decembro de 1948. Por primeira vez, identifícanse os dereitos fundamentais que deben ser protexidos. Agora ben, a triste realidade é outra. Non todos os dereitos son recoñecidos, vemos diariamente como moitos deles nin tan sequera son respectados. O ano pasado a Real Academia da lingua española acuñou un termo, descoñecido ata entón, aínda que na práctica cotiá nos resulte tristemente familiar, estamos a referirnos ao que se coñece como “Aporofobia”, expresión acuñada pola filósofa Adela Cortina, e cuxo significado é “odio aos pobres”. A aporofobia axúdanos a comprender moitos comportamentos sociais que están cargados de prexuizos e altamente estereotipados. A situación económica é cada vez máis un elemento de identidade, xulgamos aos outros pola nómina. Na nosa comunidade, os altos índices de desemprego conduciron a moita da cidadanía a vivir ao bordo da exclusión social. A escaseza ou a falta de recursos, son algunhas das causas, así como a baixa cualificación necesaria para atopar emprego. Esta situación describe un dos perfís máis habituais ao achegarnos a situación de pobreza, as que viven as mulleres, maiores de corenta anos, con cargas familiares e con escasa ou baixa cualificación. Son moitos os dereitos





humanos vulnerados. Pero, pensamos que a formación e a educación é unha ferramenta fundamental para abordalos.

Por todo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º Desenvolver plans de formación no respecto aos dereitos humanos, dirixidos a funcionarios/as autonómicas, especialmente aos que desenvolven o seu labor con persoas nesta situación.

2º Impartir cursos específicos nos centros educativos, formando aos alumnos/as ante os prexuízos e estereotipos que estas circunstancias levan e no respecto dos dereitos humanos ante situacións de aporofobia.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Voceira do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**



**Carmen Santos Queiruga na data 15/05/2018 14:27:01**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/05/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 30982**  
Data envío: 15/05/2018 14:27:40.187



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 17.10.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.2        37090(10/PNC-002996)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao  
Goberno central en relación coa situación que están a vivir  
os emigrantes retornados de Venezuela a consecuencia da  
demora do Goberno dese país no pagamento das súas pensións

*Publicación da iniciativa, 362, 26.09.2018*

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1<sup>a</sup>, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

Os emigrantes retornados de Venezuela atópanse na actualidade nunha situación complicada economicamente, xa que teñen recoñecida unha pensión polo Goberno venezolano, pero non se lles está facendo efectivo o seu abono dende decembro do 2015. Esta suspensión de ingresos está a xerar episodios de profunda necesidade para algúns destes afectados.

Segundo os datos que se manexan, son case 4.000 as persoas procedentes de Venezuela, residentes en Galicia, que perciben prestación con cargo ao Convenio Bilateral de Seguridade Social entre España e Venezuela. Se contabilizamos as que residen en toda España son máis de 9.000 persoas.

Na Gaceta Oficial Nº 41.446 da República Bolivariana de Venezuela, de data 25 de xullo de 2018, foi publicado o Decreto Nº 3.548 da Presidencia da República, polo que



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/09/2018 13:27  
**Nº Rexistro: 37090**  
Data envío: 19/09/2018 13:27:56.019

se establece que a partir do 20 de agosto de 2018 se reexpresa a unidade do sistema monetario da República Bolivariana de Venezuela. Segundo esta disposición, a nova moeda, chamada bolívar soberano, é equivalente a 100.000 bolívares.

Con anterioridade, o Convenio Cambiario Nº 39 establecía un sistema de cambio único para todo o sector público e privado ó tipo de cambio de flotación DICOM, o que supuxo a eliminación do tipo cambiario protexido DIPRO.

Na actualidade estamos, polo tanto, nun novo escenario no que o tipo de cambio DICOM está (a data da redacción desta PNL) a 60 bolívares soberanos cada dólar (52,43 euros), e a contía dunha pensión de xubilación en Venezuela é de 1.800 bolívares soberanos, é dicir, uns 34 euros.

Neste contexto existe un dereito á percepción do complemento de mínimos ou a prestacións non contributivas, segundo se cotizaran ou non no Estado español.

Con esta nova realidade, aplicando o tipo de cambio oficial da nova moeda da República Bolivariana, a pensión de xubilación sería duns 34 euros mensuais, cantidade claramente insuficiente para posibilitar uns ingresos mínimos que permitan vivir nunhas condicións dignas.

O Grupo Parlamentario Popular, diante desta situación, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ó Goberno do Estado que tome as medidas oportunas para solucionar a situación que están a vivir todos os emigrantes retornados de Venezuela, que teñen recoñecida unha pensión polo Goberno venezolano pero que non se lles está facendo efectiva dende hai case 3 anos, mediante a concesión do complemento de mínimos ou a prestación non contributiva que lles puidese corresponder por parte do Estado español”.



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/09/2018 13:27  
**Nº Rexistro: 37090**  
Data envío: 19/09/2018 13:27:56.019

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 19/09/2018 13:13:34**

**Raquel Arias Rodríguez na data 19/09/2018 13:13:43**

**César Manuel Fernández Gil na data 19/09/2018 13:13:50**

**Jacobo Moreira Ferro na data 19/09/2018 13:13:53**

**María Isabel Novo Fariña na data 19/09/2018 13:14:08**

**Antonio Mouriño Villar na data 19/09/2018 13:14:15**

**Alberto Pazos Couñago na data 19/09/2018 13:14:23**

**Paula Prado Del Río na data 19/09/2018 13:14:36**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 19/09/2018 13:14:44**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 19/09/2018 13:14:54**

**Moisés Blanco Paradelo na data 19/09/2018 13:15:00**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 17.10.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.3        37226(10/PNC-003003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan  
plurianual de dinamización do uso da lingua galega na  
Administración de xustiza para o período 2019-2022

*Publicación da iniciativa, 362, 26.09.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/09/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 37226**  
Data envío: 20/09/2018 14:09:21.878

### **Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 7 o dereito de uso do galego na administración de xustiza, a validez das actuacións xudiciais e o dereito de notificación na lingua oficial que se elixa. Asemade, determina que a Xunta de Galiza debe promover a progresiva normalización da lingua galega na administración de xustiza.

Xa pasaron 35 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística e o galego segue a ter unha presenza marxinal e absolutamente minoritaria na administración de xustiza. Os factores que explican esta situación son diversos, mais hai que ter en conta que no estado español segue vixente un marco legal discriminatorio para o galego, derivado da Constitución, da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da propia Lei de Normalización Lingüística.

Malia a existencia dun marco legal discriminatorio, outros territorios do Estado establecéronse plans e medidas que permitiron avances na presenza da lingua propia no ámbito da xustiza. No caso de Galiza, no ano 2004 aprobouse o Plan Xeral de





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/09/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 37226**  
Data envío: 20/09/2018 14:09:21.878

Normalización do uso do galego, mais os seus resultados foron cativos e os incumprimentos notorios.

Entre outros aspectos a ter en conta cabe sinalar a baixa porcentaxe de resolución xudiciais en galego (por debaixo do 5%), a insuficiente capacitación do persoal en canto ao coñecemento do noso idioma ou a inexistencia de programas informáticos que favorezan o uso da lingua galega. Así, os programas de xestión interna do sistema xurídico impiden na práctica que os soportes documentais dos procedementos xudiciais se leven a termo en galego, de forma que quen opte por empregar o idioma propio ve multiplicada a súa carga de traballo.

A maiores, constátanse ineficiencias no funcionamento dos equipos lingüísticos da administración de xustiza, que centran o seu traballo en tarefas de corrección e tradución de textos deixando de lado a función de dinamización e normalización.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a desenvolver un plan plurianual 2019-2022 de dinamización do uso do galego na administración da Xustiza que contemple obxectivos tanxíbeis e que teña como finalidade promover avances medíbeis nos seguintes ámbitos:

- Incremento do uso do galego tanto no ámbito oral como nas resolucións, notificacións e en xeral nas comunicación escritas da administración de xustiza en Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/09/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 37226**  
Data envío: 20/09/2018 14:09:21.878

- Dotación de todas as ferramentas tecnolóxicas e programas informáticos de xestión que faciliten o uso do galego como lingua oficial.

- Desevolvemento dun programa de capacitación lingüística de todo o persoal que traballa na administración de xustiza en Galiza.

- Potenciación dos equipos lingüísticos co incremento de medios humanos e materiais, respecto dos dereitos laborais e salariais, e fomento da súa función dinamizadora do uso da lingua galega.”

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2018 14:06:54**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/09/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 37226**  
Data envío: 20/09/2018 14:09:21.878

**María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2018 14:06:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2018 14:07:00**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2018 14:07:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2018 14:07:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2018 14:07:05**